

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E GADISA RETAIL S.L.U. PARA A CONVOCATORIA DO VI CONCURSO ESCOLAR DE CARTEIS RELACIONADO COA DOAZÓN E COS TRANSPLANTES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Axencia Galega DE Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) e "GADISA Retail S.L.U.", formalizaron o 18/03/2024 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a súa sinatura ata o 31 de xullo de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as partes, para levar a cabo a convocatoria do VI Concurso escolar de carteis relacionado coa doazón e cos transplantes dirixido ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO) para o curso escolar 2023-2024.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

As entidades participantes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para fomentar a doazón de órganos e tecidos, concienciando deste tipo de doazón e o deseño de intervencións informativas dirixidas á infancia e xuventude co obxecto de mellorar a opinión da doazón e os transplantes de órganos e tecidos, co fin de permitirlles tomar unha decisión propia e que sexan transmisores informados dos coñecementos adquiridos sobre a doazón no seu ámbito de influencia familiar, social, e académico.

O concurso ten como tema "a doazón e os beneficios do transplante de órganos", co fin de promover a sensibilización social de maneira responsable sobre a doazón, entendida como un acto voluntario e altruísta.

Poderán participar no concurso de debuxo o alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO) de todos os centros educativos, tanto sostidos con fondos públicos coma privados, da Comunidade Autónoma Galega.

Gadisa Retail SLU asume o custo íntegro do financiamento dos premios correspondentes aos centros docentes cunha dotación económica global económica de TRES MIL (3.000 EUROS). Dita dotación será entregada aos centros docentes gañadores en forma de vale para a adquisición de material escolar

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Maria Estrella Lopez-Pardo Pardo.

